



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
IES "FERNANDO WIRTZ SUÁREZ"

Instituto de Educación Secundaria "FERNANDO WIRTZ SUÁREZ"

Caballeros, 1 15006-A Coruña. Teléfono: +34 881 960260 Fax: +34 881 960265

"correo-e" [ies.fernando.wirtz@edu.xunta.es](mailto:ies.fernando.wirtz@edu.xunta.es)

Páxina Web: <http://www.fernandowirtz.com>



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

# Caderno de Orientación

## 1º e 2º ESO



**Curso 2017/18**

## **Educación Secundaria Obrigatoria**

A etapa de educación secundaria obrigatoria está destinada ao alumnado entre 12 e 16 anos, aínda que de forma excepcional se pode permanecer nela ata os 18 anos.

Consta de 4 cursos organizados en dous ciclos:

**1º Ciclo** : 1º, 2º e 3º curso

**2º Ciclo**: 4º curso

En cada curso da ESO hai un conxunto de materias chamadas:

- *Troncais (xerais e de opción)*
- *Específicas*
- *Libre configuración.*

Poderás repetir un máximo de dúas veces en toda a etapa e unha soa vez cada curso.

O alumnado que supere os catro cursos recibe a titulación de **Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.**

# Organización do primeiro Ciclo da ESO

	Troncais	Específicas	L. Configuración
1º ESO	Matemáticas Lingua Castelá e Literatura Lingua Galega e Literatura Bioloxía e Xeoloxía 1ª Lingua Estranxeira Xeografía e Historia	Educación Física Relixión ou Valores Éticos 2ª L.Estranxeira(Francés) Educación Plástica e Visual	Promoción Estilos Vida Saudable ( O currículo desta materia ten como finalidade abordar a prevención dos efectos negativos da inactividade física e da dieta desequilibrada, proporcionando ao alumnado unhas competencias que lle permitan adquirir un estilo de vida saudable).
2º ESO	Matemáticas Lingua Castelá e Literatura Lingua Galega e Literatura Física e Química 1ª Lingua Estranxeira Xeografía e Historia	Educación Física Relixión ou Valores Éticos 2ª L.Estranxeira(Francés) Música Tecnoloxía	Oratoria (A Oratoria é a arte de falar en público, polo que nesta materia se reforzarán as competencias comunicativa e social).
3º ESO	Lingua Castelá e Literatura Lingua Galega e Literatura Física e Química Bioloxía e Xeoloxía 1ª Lingua Estranxeira Xeografía e Historia Elixir entre ( non vinculante para a elección en 4º da ESO): –Matemáticas Académicas –Matemáticas Aplicadas.	Educación Física Relixión ou Valores Éticos Educación Plástica e Visual Música Tecnoloxía	Elixir 1 entre: 2ª L.Estranxeira(Francés) Cultura Clásica

\*En todos os cursos terás unha sesión de tutoría semanal na que, dependendo do curso, se realizarán unha serie de actividades relacionadas con convivencia, igualdade de xénero, orientación académica...

\* O centro dispón de seccións bilingües nas materias de Bioloxía e Xeoloxía, Tecnoloxía e Física e Química, previa solicitude e autorización das familias.

## RECOMENDACIÓNS XERAIS

A ESO require, como todos os estudos, unha adecuada organización e planificación dende o comezo. Por este motivo deberás ter en conta as seguintes recomendacións:

- Empregar a axenda para anotar traballos, exames, dúbidas...
- Organizar o tempo de estudo na casa dende o primeiro día, elaborando un horario realista no que se inclúa non só o tempo de estudo senón tamén as actividades extraescolares.
- Estudar todos os días un pouco, e repasar con tranquilidade o que se da nas clases, é a mellor medida para ter éxito nos estudos.
- Preparar os exames, traballos, lectura de libros obrigatoria con tempo e non deixalos para os últimos días.

